



## **O Pleno do Parlamento garda un minuto de silencio en memoria das dúas nenas asasinadas en Moraña**

**Santiago, 3 de agosto de 2015.-** O Pleno do Parlamento de Galicia gardou esta tarde, ao comezo da sesión, un minuto de silencio en memoria das nenas asasinadas no dobre crime de Moraña do pasado venres. “Non hai palabras nin xestos abondo para expresar a infinita repulsa que merece un crime desta natureza”, sinalou a presidenta da Cámara, Pilar Rojo Noguera.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.